

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

7573 *REAL DECRETO 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego. («BOE» 87, do 11-4-2007.)*

Nunha economía cada vez máis global e interdependente o capital humano eríxese nun factor clave para poder competir con garantía de éxito. Por iso, a formación constitúe un obxectivo estratéxico para reforzar a produtividade e competitividade das empresas no novo escenario global, e para potenciar a empregabilidade dos traballadores nun mundo en constante cambio.

Despois de trece anos de vixencia de dúas modalidades diferenciadas de formación profesional no ámbito laboral –a formación ocupacional e a continua–, resulta necesario integrar ambos os subsistemas nun único modelo de formación profesional para o emprego e introducir melloras que permitan adaptar a formación dirixida aos traballadores ocupados e desempregados á nova realidade económica e social, así como ás necesidades que demanda o mercado de traballo.

De igual modo, determinados acontecementos e elementos relevantes incidiron no modelo de formación profesional nos últimos anos e deben seguir presentes á hora de afrontar a súa reforma:

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que establece un Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que permite avanzar nun enfoque de aprendizaxe permanente e na integración das distintas ofertas de formación profesional (regrada, ocupacional e continua), propiciando o recoñecemento e a acreditación das competencias profesionais adquiridas tanto a través de procesos formativos (formais e non formais) como da experiencia laboral.

As sentenzas do Tribunal Constitucional (STC 95/2002, do 25 de abril, e STC 190/2002, do 17 de outubro) que delimitaron os ámbitos de actuación da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas en materia de formación continua, situándoa dentro do ámbito laboral.

Así mesmo, a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que sitúa a formación ocupacional e a continua no centro das políticas do ámbito laboral que mellor poden contribuir á consecución dos obxectivos de emprego.

Por último, a aprobación doutras normas, non especificamente dirixidas á formación, tamén está influíndo no desenvolvemento práctico da formación, como é o caso da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que incide de maneira decisiva na xestión das subvencións que financian a actividade formativa.

Polo que respecta ao ámbito da Unión Europea, a aprendizaxe permanente é considerada como un pilar fundamental da estratexia de emprego nunha economía baseada no coñecemento. Así mesmo, a aprendizaxe permanente incorpórase entre os indicadores estruturais da Estratexia de Lisboa para os obxectivos en educación e formación para o ano 2010. Nesta liña, o Consello Europeo de xuño de 2005 formulou a necesidade de relanzar a Estratexia de Lisboa e aprobou as directrices integradas para o crecemento e o emprego 2005-2008, entre as que se inclúe a dirixida a adaptar os sistemas de educación e de formación ás novas necesidades en materia de competencias.

Neste escenario, a Declaración do Diálogo Social «Competitividade, emprego estable e cohesión social» asinada en xullo de 2004 polo Goberno, CEOE, CEPYME, CC.OO. e UGT, establece que, no marco do diálogo social, os asinantes analizarán de maneira conxunta as adaptacións necesarias do actual modelo de formación dos traballadores nun sentido acorde coas necesidades de formación que se deben atender desde o ámbito estatal, preservando os ámbitos de participación das organizacións sindicais e empresariais e posibilitando a participación na xestión por parte das comunidades autónomas.

No marco deste diálogo social, o Goberno e os interlocutores sociais conviñeron na oportunidade de integrar, na liña do establecido na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a formación ocupacional e a continua, orientadas ambas dúas ao emprego. O alongamento da vida activa do traballador e a aprendizaxe permanente fan necesaria unha visión que integre en si mesma a formación e o emprego na realidade do actual mercado de traballo, que rompa a barreira entre a poboación ocupada e desempregada na perspectiva da consecución do pleno emprego –obxectivo fixado na Estratexia de Lisboa– e que garanta a cohesión social. Non obstante, non debe ser un obstáculo a dita integración para a existencia de ofertas diferenciadas e adaptadas ás diferentes necesidades de formación.

Froito do anterior, o 7 de febreiro de 2006, o Goberno e as citadas organizacións empresariais e sindicais subscribiron o Acordo de Formación Profesional para o Emprego, cuxos fins, principios e eixes se tiveron en conta neste real decreto co obxecto de promover a formación entre traballadores e empresarios, e converter a aprendizaxe permanente no noso país, nun elemento fundamental non só para a competitividade e o emprego, senón tamén para o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores.

Ao mesmo tempo, este real decreto formula un modelo de formación para o emprego que insiste na necesidade de conxugar a realidade autonómica do noso Estado e a inserción da formación na negociación colectiva de carácter sectorial estatal, creando un marco de referencia nos planos estatal e autonómico, así como no plano sectorial e da empresa.

Por iso, o modelo de formación que se formula respecta a competencia de xestión das comunidades autónomas, en liña coas citadas sentenzas do Tribunal Constitucional de abril e outubro de 2002, e afonda na cooperación entre as administracións autonómicas e a Administración xeral do Estado.

Así mesmo, o real decreto reconece a estreita vinculación da formación tanto co emprego como coas políticas macroeconómicas e microeconómicas e a iso contribúe o importante papel dos interlocutores sociais no desenvolvemento de estratexias comúns para os diferentes sectores produtivos no marco da unidade de mercado, articuladas a través da negociación colectiva de ámbito estatal, prevendo a existencia de accións formativas que garantan a adquisición de competencias polos traballadores ou que lles permita formarse noutros sectores económicos distintos a aquel en que despregan a súa actividade, anticipándose ou reaccionando así a eventuais situacións de crise que se poidan dar nalgún sector e contribuíndo a impulsar desta maneira a libre circulación de traballadores.

Por outro lado, o real decreto pretende potenciar a calidade da formación así como a súa avaliación, co fin de que o investimento en formación no noso país responda aos cambios rápidos e constantes que se producen no noso contorno produtivo, permitindo manter actualizadas as competencias dos nosos traballadores e a capacidade de competir das nosas empresas e reducindo o diferencial que o dito investimento ten aínda en relación coa media europea. Trátase de implantar un modelo dinámico e flexible, pero á vez un modelo estable para afrontar desde a óptica da formación os desafíos da nosa economía enmarcados na Estratexia Europea para a consecución do pleno emprego.

En definitiva, a reforma que se propón reforza, dunha parte, a participación dos interlocutores sociais e, doutra, a capacidade de xestión das comunidades autónomas e a colaboración entre as administracións destas e a Administración xeral do Estado.

Consultouse a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e o Consello Xeral de Formación Profesional.

Esta norma de carácter xeral responde ás reservas competenciais a favor do Estado contidas no artigo 149.1. 7.^a e 17.^a da Constitución española e dítase, logo de consulta ao citado Consello Xeral de Formación Profesional, en uso da autorización outorgada ao Goberno pola disposición derradeira terceira da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de marzo de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Este real decreto ten por obxecto regular as distintas iniciativas de formación que configuran o subsistema de formación profesional para o emprego, o seu réxime de funcionamento e financiamento, así como a súa estrutura organizativa e de participación institucional.

Artigo 2. Concepto e fins da formación profesional para o emprego.

1. O subsistema de formación profesional para o emprego está integrado polo conxunto de instrumentos e accións que teñen por obxecto impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

2. Son fins da formación profesional para o emprego:

- Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores desempregados e ocupados, mellorando a súa capacitación profesional e desenvolvemento persoal.
- Proporcionarlles aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuados ás competencias profesionais requiridas no mercado de traballo e ás necesidades das empresas.
- Contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas.
- Mellorar a empregabilidade dos traballadores, especialmente dos que teñen maiores dificultades de mantemento do emprego ou de inserción laboral.
- Promover que as competencias profesionais adquiridas polos traballadores tanto a través de procesos formativos (formais e non formais), como da experiencia laboral, sexan obxecto de acreditación.

Artigo 3. Principios do subsistema de formación profesional para o emprego.

Constitúen principios que rexen o subsistema de formación profesional para o emprego:

- A transparencia, calidade, eficacia e eficiencia.
- A unidade de caixa da cota de formación profesional.
- A unidade de mercado de traballo e a libre circulación dos traballadores no desenvolvemento das accións formativas.
- A colaboración e coordinación entre as administracións competentes.
- A vinculación do sistema co diálogo social e a negociación colectiva sectorial.
- A participación dos interlocutores sociais.
- A vinculación da formación profesional para o emprego co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, regulado na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- O exercicio do dereito á formación profesional para o emprego, o seu carácter gratuito e a igualdade no acceso dos traballadores e as empresas á formación e ás axudas a esta.

Artigo 4. Iniciativas de formación.

O subsistema de formación profesional para o emprego está integrado polas seguintes iniciativas de formación:

- A formación de demanda, que abarca as accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación financiados total ou parcialmente con fondos públicos, para responder ás necesidades específicas de formación propostas polas empresas e os seus traballadores.
- A formación de oferta, que comprende os plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e as accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados co fin de ofrecerlles unha formación que os capacite para o desempeño cualificado das profesións e o acceso ao emprego.

c) A formación en alternancia co emprego, que está integrada polas accións formativas dos contratos para a formación e polos programas públicos de emprego-formación, permitíndolle ao traballador compatibilizar a formación coa práctica profesional no posto de traballo.

d) As accións de apoio e acompañamento á formación, que son aquelas que permiten mellorar a eficacia do subsistema de formación profesional para o emprego.

Artigo 5. *Traballadores destinatarios da formación e colectivos prioritarios.*

1. Serán destinatarios da formación profesional para o emprego todos os traballadores ocupados e desempregados, incluídos os que non cotizan por formación profesional, nos termos que a continuación se sinalan:

a) Na formación de demanda poderán participar os traballadores asalariados que prestan os seus servizos en empresas ou en entidades públicas non incluídas no ámbito de aplicación dos acordos de formación nas administracións públicas a que fai referencia o punto 2 deste artigo, incluídos os traballadores fixos discontinuos nos períodos de non ocupación, así como os traballadores que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo, e os traballadores acollidos á regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

b) Na formación de oferta poderán participar os traballadores ocupados e desempregados na proporción que as administracións competentes determinen, considerando as propostas formuladas polo órgano de participación do Sistema Nacional de Emprego previsto no artigo 33.3.

c) Na formación en alternancia co emprego poderán participar os traballadores contratados para a formación e os traballadores desempregados, nos termos que establece a normativa específica reguladora dos contratos para a formación e dos programas públicos de emprego-formación, respectivamente.

2. A formación dos empregados públicos desenvolverase a través dos plans específicos que se promovan conforme o establecido nos acordos de formación que se subscriban no ámbito das administracións públicas. Este colectivo poderá participar nos plans de formación intersectoriais previstos no artigo 24.1, co límite que o dito precepto establece.

3. Co fin de garantir o acceso á formación de traballadores con maior dificultade de inserción ou de mantemento no mercado de traballo, poderán ter prioridade para participar nas accións formativas, entre outros:

a) Os desempregados pertencentes aos seguintes colectivos: mulleres, mozos, persoas con discapacidade, afectados e vítimas do terrorismo e da violencia de xénero, desempregados de longa duración, maiores de 45 anos e persoas con risco de exclusión social, de acordo co previsto en cada caso polas prioridades establecidas na política nacional de emprego, nos plans de execución da Estratexia Europea de Emprego e nos Programas Operativos do Fondo Social Europeo.

b) Os traballadores ocupados pertencentes aos seguintes colectivos: traballadores de pequenas e medianas empresas, mulleres, afectados e vítimas do terrorismo e da violencia de xénero, maiores de 45 anos, traballadores con baixa cualificación e persoas con discapacidade, de acordo co que establezan, de ser o caso, os programas operativos do Fondo Social Europeo e as administracións competentes no marco da planificación prevista no artigo 21 e nas súas respectivas programacións.

Artigo 6. *Financiamento.*

1. O subsistema de formación profesional para o emprego financiarase, de conformidade co establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado, cos fondos provenientes da cota de formación profesional que achegan as empresas e os traballadores, coas axudas procedentes do Fondo Social Europeo e coas achegas específicas establecidas no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderán, no exercicio da súa competencia, destinar fondos propios para financiar a xestión das iniciativas de formación previstas neste real decreto, mediante as fórmulas de financiamento que aquelas determinen no desenvolvemento das súas facultades de autoorganización.

2. Anualmente, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais determinará a proposta de distribución do orzamento destinado a financiar o subsistema de formación profesional para o emprego entre os diferentes ámbitos e iniciativas de formación recollidas neste real decreto.

A citada proposta de distribución someterase a informe do órgano de participación do Sistema Nacional de Emprego previsto no artigo 33, de conformidade co disposto no seu punto 2.c).

3. Os fondos de formación profesional para o emprego, de ámbito nacional, destinados ao financiamento das subvencións xestionadas polas comunidades autónomas que teñan asumidas as competencias de execución, distribuiranse de conformidade co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. A parte dos fondos de formación profesional para o emprego fixada na Lei de orzamentos xerais do Estado para o financiamento das subvencións xestionadas polo Servizo Público de Emprego Estatal aplicarase aos supostos de plans ou accións formativas que transcendan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma e requiriran dunha acción coordinada e homoxénea, que teñan por obxecto a impartición de accións formativas relacionadas co exercicio de competencias exclusivas do Estado ou que se dirixan a traballadores inmigrantes nos seus países de orixe.

Enténdese que concorren os requisitos sinalados no parágrafo anterior nos plans de formación amparados na negociación colectiva sectorial estatal cando o deseño e a programación das accións formativas incluídas nos ditos plans e a xestión dos correspondentes recursos se realicen de maneira global, integrada ou coordinada no correspondente ámbito sectorial e polas partes lexitimadas para a negociación do correspondente convenio ou acordo. Tamén se entende que concorren estes requisitos nos plans de formación de carácter intersectorial cando favorezan a adquisición de competencias básicas que permitan mellorar a empregabilidade dos traballadores e a súa promoción profesional e persoal no marco da unidade de mercado, concorran as características de globalidade, integración e coordinación anteriormente indicadas e sexan levados a cabo polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito estatal, así como polas organizacións da economía social e asociacións de autónomos, con notable implantación no dito ámbito.

Así mesmo, enténdese que requiren dunha acción coordinada e homoxénea as accións formativas que inclúan compromisos de contratación de desempregados cando a súa execución afecte centros de traballo situados no territorio de máis dunha comunidade autónoma, así como as dirixidas a colectivos con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional cando a súa execución, afectando un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma e precisando unha coordinación unificada, exixa a mobilidade xeográfica dos participantes.

CAPÍTULO II

Formación profesional para o empregoSECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS COMÚNS**Artigo 7. Accións formativas.**

1. Enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición e mellora das competencias e cualificacións profesionais, podéndose estruturar en varios módulos formativos con obxectivos, contidos e duración propios.

En todo caso, a oferta formativa dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade, previstos nos artigos 10 e 11, terá carácter modular co fin de favorecer a acreditación parcial acumulable da formación recibida e posibilitarlle ao traballador que avance no seu itinerario de formación profesional calquera que sexa a súa situación laboral en cada momento.

2. Cando a formación non estea vinculada á obtención dos certificados de profesionalidade, cada acción ou módulo formativo terá unha duración adecuada á súa finalidade, en función do colectivo destinatario, a modalidade de impartición da formación, o número de alumnos e outros criterios obxectivos, sen que poida ser inferior a 6 horas lectivas. Cando se trate de formación de carácter transversal en áreas que sexan consideradas prioritarias pola Administración laboral competente, a duración poderá ser inferior a ese límite.

3. A participación dun traballador en accións formativas non poderá ser superior a 8 horas diarias.

4. Non terán a consideración de accións formativas incluídas no subsistema de formación profesional para o emprego as actividades de índole informativa ou divulgativa cuxo obxecto non sexa o desenvolvemento dun proceso de formación, tales como xornadas, feiras, simposios e congresos.

Artigo 8. Impartición da formación.

1. A formación poderase impartir de forma presencial, a distancia convencional, mediante teleformación ou mixta.

Cando a acción ou módulo formativo inclúa, en todo ou en parte, formación a distancia, esta deberase realizar con soportes didácticos que permitan un proceso de aprendizaxe sistematizada para o participante, que necesariamente será complementado con asistencia tutorial.

A modalidade de impartición mediante teleformación entenderase realizada cando o proceso de aprendizaxe das accións formativas se desenvolva a través de tecnoloxías da información e comunicación telemáticas, posibilitando a interactividade de alumnos, titores e recursos situados en distinto lugar.

2. A formación impartida mediante a modalidade presencial organizarase en grupos de 25 participantes como máximo. Na formación impartida mediante a modalidade a distancia convencional ou de teleformación deberá haber, como mínimo, un titor por cada 80 participantes.

As administracións competentes poderán establecer, nos seus respectivos ámbitos de xestión, un número de participantes menor aos sinalados no parágrafo anterior en función das características ou do contido da formación, ou ben dos colectivos a que esta se dirixe.

3. A formación, tanto teórica como práctica, deberase realizar en aulas, talleres ou instalacións apropiadas, de acordo co que estableza o correspondente programa.

4. Mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais determinaranse os módulos económicos máximos de financiamento das accións formativas en función da súa modalidade de impartición. Así mesmo, poderanse establecer módulos económicos específicos en función

da singularidade de determinadas accións formativas que, pola súa especialidade e características técnicas, precisen dun financiamento maior.

Artigo 9. Centros e entidades de formación.

1. Poderán impartir formación profesional para o emprego:

a) As administracións públicas competentes en materia de formación profesional para o emprego, a través dos seus centros propios ou mediante convenios con entidades ou empresas públicas que poidan impartir a formación. Teñen a consideración de centros propios:

1.º Os centros de Referencia Nacional, especializados por sectores produtivos, tomando como referencia o mapa sectorial que se defina e as familias profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Estes centros levarán a cabo accións de carácter experimental e innovador en materia de formación profesional, nas condicións que se dispoña na norma que regule os requisitos destes centros.

2.º Os centros integrados de Formación Profesional de titularidade pública. Estes centros impartirán polo menos as ofertas formativas referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, que conduzan á obtención de títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade.

3.º Os demais centros da Administración pública que contén con instalacións e equipamentos adecuados para impartir formación profesional para o emprego.

b) As organizacións empresariais e sindicais, e outras entidades beneficiarias dos plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, por si mesmas ou a través dos centros e entidades previstos nos programas formativos das citadas organizacións ou entidades beneficiarias. Cando se trate de centros ou entidades de formación deberán estar acreditados ou inscritos, segundo os casos.

c) As empresas que desenvolvan accións formativas para os seus traballadores ou para desempregados con compromiso de contratación, que o poderán facer a través dos seus propios medios, sempre que contén co equipamento adecuado para este fin, ou a través de contratacións externas.

d) Os centros integrados de formación profesional, de titularidade privada, e os demais centros ou entidades de formación, públicos ou privados, acreditados polas administracións competentes para impartir formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade. Estes centros deberán reunir os requisitos especificados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade correspondentes á formación que se imparta neles, sen prexuízo dos requisitos específicos que poderán establecer as administracións públicas no ámbito das súas competencias.

e) Os centros ou entidades de formación que impartan formación non dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, sempre que estean inscritos no rexistro que estableza a Administración competente. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá establecer criterios mínimos para a dita inscrición.

2. As comunidades autónomas poderán crear un rexistro onde se inscribirán os centros e entidades que impartan formación profesional para o emprego nos seus respectivos territorios.

O Servizo Público de Emprego Estatal, no marco do Sistema Nacional de Emprego, manterá permanentemente actualizado un rexistro estatal de centros e entidades de formación, de carácter público. Este rexistro estará coordinado cos rexistros autonómicos a través do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego

previsto no artigo 7.2.c) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

3. Os centros e entidades de formación deberanse someter aos controis e auditorías de calidade que establezan as administracións competentes, cuxos resultados se poderán incorporar aos rexistros mencionados no punto anterior.

Artigo 10. *Certificados de profesionalidade.*

1. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a oferta de formación profesional para o emprego vinculada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais estará constituída pola formación dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade.

2. Os certificados de profesionalidade acreditan con carácter oficial as competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación no emprego.

Tales competencias estarán referidas ás unidades de competencia das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, polo que cada certificado de profesionalidade poderá comprender unha ou máis das ditas unidades. En todo caso, a unidade de competencia constitúe a unidade mínima acreditable e acumulable para obter un certificado de profesionalidade.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal, coa participación dos centros de referencia nacional, elaborará e actualizará os certificados de profesionalidade, que serán aprobados por real decreto, logo do informe do Consello Xeral de Formación Profesional.

Artigo 11. *Acreditación da formación e rexistro.*

1. Cando a formación vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, no seu desenvolvemento respectaranse os contidos dos módulos formativos e os requisitos que se determinen nos reais decretos que regulen os ditos certificados. Esta formación acreditarase mediante a expedición do correspondente certificado de profesionalidade ou das súas acreditacións parciais acumulables.

O certificado de profesionalidade expedirase cando se superasen os módulos formativos correspondentes á totalidade das unidades de competencias en que se estrutura. As acreditacións parciais acumulables expediranse cando se superasen os módulos formativos correspondentes a unha ou algunhas das ditas unidades de competencia.

2. Cando a formación non estea vinculada á oferta formativa dos certificados de profesionalidade deberáselle entregar a cada participante que finalizase a acción formativa un certificado de asistencia a esta e a cada participante que superase a formación con avaliación positiva un diploma acreditativo.

As competencias adquiridas a través desta formación poderán ser recoñecidas, ao igual que as adquiridas a través da experiencia laboral, mediante as acreditacións totais ou parciais dos certificados de profesionalidade, de conformidade coa normativa que regule o procedemento e os requisitos para a avaliación e acreditación das competencias adquiridas a través da experiencia laboral e de aprendizaxes non formais, que se dite en desenvolvemento do artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

3. A expedición dos certificados de profesionalidade e das acreditacións parciais realizarana o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas no marco do Sistema Nacional de Emprego.

4. As ditas administracións deberán levar un rexistro nominal e por especialidades dos certificados de profesionalidade e das acreditacións parciais acumulables expedidas.

Para os efectos de garantir a transparencia do mercado de traballo e facilitar a libre circulación de traballadores, existirá un rexistro xeral no Sistema Nacional de Emprego, coordinado polo Servizo Público de Emprego Estatal e instrumentado a través do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego, ao cal se lle deberán comunicar as inscricións efectuadas nos rexistros a que se refire o parágrafo anterior.

SECCIÓN 2.^a FORMACIÓN DE DEMANDA: ACCIÓNS FORMATIVAS DAS EMPRESAS E PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN

Artigo 12. *Obxecto e modalidades da formación de demanda.*

1. A formación de demanda responde ás necesidades específicas de formación das empresas e traballadores, e está integrada polas accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación.

Correspóndelles ás empresas a planificación e xestión da formación dos seus traballadores, aos traballadores a iniciativa na solicitude dos citados permisos, e á representación legal dos traballadores o exercicio dos dereitos de participación e información previstos neste real decreto.

Esta formación financiarase mediante a aplicación dun sistema de bonificacións nas cotas da Seguridade Social que ingresan as empresas, que non terá carácter subvencional de conformidade co disposto no artigo 2.4.g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A formación impartida a través das accións formativas das empresas deberá gardar relación coa actividade empresarial e poderá ser xeral ou específica.

A formación xeral é a que inclúe unha ensinanza que non é única ou principalmente aplicable no posto de traballo actual ou futuro do traballador na empresa beneficiaria, senón que proporciona cualificacións na súa maior parte transferibles a outras empresas ou a outros ámbitos laborais.

A formación específica é a que inclúe un ensino teórico e/ou práctico aplicable directamente no posto de traballo actual ou futuro do traballador na empresa beneficiaria e que ofrece cualificacións que non son transferibles, ou só de forma moi restrinxida, a outras empresas ou a outros ámbitos laborais.

3. O permiso individual de formación é o que a empresa autoriza a un traballador para a realización dunha acción formativa que estea recoñecida mediante unha acreditación oficial, incluída a correspondente aos títulos e certificados de profesionalidade que constitúen a oferta formativa do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, co fin de favorecer o seu desenvolvemento profesional e persoal.

A denegación da autorización do permiso por parte da empresa deberá estar motivada por razóns organizativas ou de produción, comunicándollo ao traballador.

Mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais regularase a utilización destes permisos individuais de formación para o acceso aos procesos que estableza a normativa reguladora do recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias e cualificacións profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e doutras aprendizaxes non formais e informais.

Artigo 13. *Asignación ás empresas dunha contía para formación.*

1. As empresas disporán dun crédito para a formación dos seus traballadores cuxo importe resultará de aplicar á contía ingresada por cada empresa o ano anterior, en concepto de cota de formación profesional, a porcentaxe que anualmente se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado. Esa porcentaxe determinarase en función do tamaño das empresas, de tal forma que canto menor sexa o tamaño da empresa maior sexa a dita porcentaxe. En todo caso garantirase un crédito mínimo na contía que se determine na citada lei. Esta última contía poderá ser superior á cota por formación profesional ingresada pola empresa no sistema de Seguridade Social.

O crédito a que se refire o parágrafo anterior farase efectivo mediante bonificacións nas cotizacións de Seguridade Social que ingresan as empresas.

2. As empresas que durante o correspondente exercicio orzamentario abran novos centros de traballo, así como as empresas de nova creación, poderanse beneficiar das bonificacións establecidas no punto anterior cando incorporen ao seu cadro de persoal novos traballadores. Nestes supostos as empresas disporán dun crédito de bonificacións cuxo importe resultará de aplicar ao número de traballadores de nova incorporación a contía que determine a Lei de orzamentos xerais do Estado, garantindo, en todo caso, para as empresas de nova creación o crédito mínimo de bonificación a que fai referencia o punto 1 deste artigo.

3. Así mesmo, e ata o límite da dispoñibilidade orzamentaria autorizada anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, as empresas que lles concedan permisos individuais de formación aos seus traballadores disporán dun crédito de bonificacións para formación adicional ao crédito anual que resulte de aplicar o establecido no punto 1 deste artigo. Mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais determinarán os criterios para a asignación do citado crédito adicional.

Artigo 14. *Cofinanciamento das empresas.*

1. As empresas participarán cos seus propios recursos no financiamento da formación dos seus traballadores, segundo as porcentaxes mínimas que, sobre o custo total da formación, se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais en función do tamaño das empresas. Non obstante, poderase eximir a dita obriga para as empresas de menos de 10 traballadores co fin de facilitar o seu acceso á formación.

Consideraranse incluídos no cofinanciamento privado os custos salariais dos traballadores formados pola empresa durante a súa xornada de traballo.

2. O cofinanciamento establecido neste artigo non será aplicable aos permisos individuais de formación.

Artigo 15. *Información á representación legal dos traballadores.*

1. A empresa deberá someter as accións formativas, incluídas as dos permisos individuais, a información da representación legal dos traballadores, de conformidade co disposto en texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Para tal efecto, porá á disposición da citada representación, polo menos, a seguinte información:

- a) Denominación, obxectivos e descrición das accións que se van levar a cabo.
- b) Colectivos destinatarios e número de participantes por accións.
- c) Calendario previsto de execución.

- d) Medios pedagóxicos.
- e) Criterios de selección dos participantes.
- f) Lugar previsto de impartición das accións formativas.
- g) Balance das accións formativas que se levaron a cabo no exercicio precedente.

O incumprimento por parte da empresa da obriga de informar a representación legal dos traballadores impedirá a adquisición e, de ser o caso, o mantemento do dereito á bonificación.

2. A representación legal dos traballadores deberá emitir un informe sobre as accións formativas que vai levar a cabo a empresa no prazo de 15 días desde a recepción da documentación descrita no punto anterior, transcorrido este prazo sen que se remitise o citado informe entenderase cumprido este trámite.

3. Se a resultas do trámite previsto no punto anterior xurdisen discrepancias entre a dirección da empresa e a representación legal dos traballadores respecto ao contido da formación, estas dilucidaranse nun prazo de 15 días contados desde a recepción pola empresa do informe da representación legal dos traballadores, debendo deixar constancia escrita do resultado do trámite previsto neste punto.

4. A execución das accións formativas e a súa correspondente bonificación só se poderá iniciar unha vez finalizados os prazos previstos nos puntos 2 e 3 deste artigo.

5. En caso de que se mantivese o desacordo a que se refire o punto 3 entre a representación legal dos traballadores e a empresa respecto ás accións formativas, o exame das discrepancias co obxecto de mediar sobre elas correspóndelle á comisión paritaria competente.

No suposto de que non mediase a correspondente comisión paritaria, de que non existise tal comisión ou de que se mantivesen as discrepancias tras a mediación, a Administración competente, segundo a distribución competencial establecida na disposición adicional primeira, coñeceráas, sempre que se deban a algunha das seguintes causas: discriminación de trato, nos termos legalmente establecidos, realización de accións que non se correspondan coa actividade empresarial ou concorrencia de calquera outra circunstancia que poida supoñer abuso de dereito na utilización de fondos públicos.

A administración competente ditará resolución que poderá afectar a adquisición e mantemento do dereito á bonificación correspondente á acción ou accións formativas en que se incorrese nas causas antes sinaladas. Se se declarase improcedente a bonificación aplicada, iniciárase o procedemento para o aboamento pola empresa das cotas non ingresadas.

6. Cando a empresa non teña representación legal dos traballadores será necesaria a conformidade dos traballadores afectados polas accións formativas. A desconformidade ou denuncia por calquera traballador da empresa baseada nas causas mencionadas no punto anterior dará lugar ao inicio do procedemento previsto no dito punto.

Artigo 16. *Execución das accións formativas.*

1. As empresas poderán organizar e xestionar a formación dos seus traballadores por si mesmas, ou ben contratar a súa execución con centros ou entidades especializadas. Neste último caso, os citados centros ou entidades deberán asumir, polo menos, a coordinación das accións formativas, non podendo delegar nin contratar con terceiros o desenvolvemento da dita coordinación.

As empresas asumirán a responsabilidade da execución das accións formativas bonificadas ante a Administración, debendo asegurar tanto aquelas como, de ser o caso, as entidades contratadas o desenvolvemento satis-

factorio das funcións dos organismos de seguimento e control.

2. As empresas poderanse agrupar voluntariamente, logo do acordo por escrito, para organizar a formación dos seus traballadores, designando para tal efecto unha entidade organizadora para que lles xestione os seus programas de formación. Neste caso, as bonificacións aplicaranas as empresas agrupadas nos seus respectivos boletíns de cotización.

Poderá ter a condición de entidade organizadora calquera das empresas que formen parte da agrupación, ou ben un centro ou entidade que teña entre as súas actividades a impartición de formación. A citada entidade será a responsable de realizar as comunicacións de inicio e finalización da formación a que se fai referencia no punto 3 deste artigo e de custodiar a documentación relacionada coa organización, xestión e impartición das accións formativas en que intervén como entidade organizadora. Así mesmo, terá a obriga de colaborar coas administracións e órganos de control competentes nas actuacións de seguimento e control que se desenvolvan respecto das ditas accións.

Seralles de aplicación ás agrupacións de empresas o disposto no punto 1 deste artigo sobre subcontratación e responsabilidade das empresas.

3. As empresas, ou ben as entidades organizadoras cando se trate dunha agrupación, deberán comunicar a información relativa a cada acción e grupo, contendo, polo menos, os seguintes datos: denominación e contidos básicos da acción formativa, modalidade de impartición, acreditación oficial, de ser o caso, número previsto de traballadores participantes e datas, horario e lugar de realización. Ademais, cando se trate dunha agrupación de empresas, deberase indicar a razón social e o CIF de cada unha das empresas que teñen previsto participar na formación. Esta comunicación, e a anulación ou modificación, de ser o caso, dos seus datos, deberase realizar nos prazos que se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

Así mesmo, antes de practicar a bonificación correspondente a cada acción ou grupo, as empresas, ou ben as entidades organizadoras cando se trate dunha agrupación, deberán comunicar a súa finalización con, polo menos, a seguinte información: denominación da acción formativa realizada, lista de traballadores participantes que finalizaron a formación, número de horas lectivas e custo total da formación, con indicación do custo máximo bonificable.

Estas comunicacións de inicio e finalización da formación realizaranse no marco do Sistema Nacional de Emprego a través dos procesos telemáticos implantados polo Servizo Público de Emprego Estatal, nos termos que se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

4. O Sistema Nacional de Emprego, mediante o Servizo Público de Emprego Estatal, garantiralles ás comunidades autónomas o acceso, en tempo real, ás comunicacións telemáticas realizadas polas empresas e as entidades organizadoras, así como o acceso a toda a información necesaria para que as comunidades autónomas no ámbito da súa competencia establezan o seu sistema de avaliación, seguimento e control das accións formativas das empresas.

Artigo 17. *Aplicación das bonificacións.*

1. A contía do crédito de bonificacións asignado a cada empresa, nos termos sinalados no artigo 13, actuará como límite das bonificacións que se poderá aplicar nos seus boletíns de cotización á Seguridade Social.

2. As empresas poderán aplicar con carácter anual, na forma que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, as bonificacións nas cotizacións á Seguridade

Social a partir da comunicación da finalización da formación. O prazo para poder aplicar as ditas bonificacións conclúe o último día hábil para poder presentar o boletín de cotización correspondente ao mes de decembro do dito exercicio económico.

Nos permisos individuais de formación, as empresas poderán aplicar as correspondentes bonificacións a medida que aboen os salarios aos traballadores que gocen dos ditos permisos. Mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais establecerase o número de horas laborais por permiso e curso académico que poden ser obxecto das ditas bonificacións, así como os requisitos, procedementos e, de ser o caso, volume de permisos en función do número de traballadores no cadro de persoal de cada empresa.

3. Na realización das súas actividades de seguimento e control, os servizos públicos de emprego comprobarán a procedencia e exactitude das deducións que en forma de bonificacións fosen practicadas polas empresas.

As comunidades autónomas informarán o Servizo Público de Emprego Estatal dos resultados das actuacións de seguimento e control que levasen a cabo, así como das presuntas irregularidades detectadas.

4. A aplicación indebida ou fraudulenta das bonificacións determinará que as cantidades correspondentes sexan obxecto de reclamación administrativa mediante acta de liquidación da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Sen prexuízo disto, o Servizo Público de Emprego Estatal, no marco do Sistema Nacional de Emprego, colaborará coa citada inspección mediante a comunicación previa ás empresas das irregularidades que se deduzan tras a aplicación do procedemento sinalado no punto anterior, co fin de que procedan á devolución das cantidades indebidamente aplicadas ou, de ser o caso, formulen as alegacións que consideren oportunas. Se non se produce a devolución ou as alegacións non son aceptadas, o citado organismo comunicarllo á Inspección de Traballo e Seguridade Social para a apertura das actas de liquidación e, de ser o caso, de sanción.

Artigo 18. *Xustificación.*

1. Para os efectos da súa xustificación, os custos derivados das accións formativas das empresas e dos permisos individuais de formación que fosen obxecto de bonificación deberán quedar expresamente identificados como tales na contabilidade da empresa.

2. A empresa deberá manter á disposición dos órganos de control durante o período establecido na legislación nacional e comunitaria a documentación xustificativa (facturas, xustificación contable e calquera outro documento xustificativo) da realización da formación.

3. O incumprimento destas obrigas e das demais establecidas neste real decreto poderá dar lugar ao aboamento total ou parcial pola empresa das cotas non ingresadas, de acordo co procedemento recollido no artigo 17.4 deste real decreto.

Artigo 19. *Apoio ás pequenas e medianas empresas.*

1. O Sistema Nacional de Emprego promoverá as iniciativas necesarias para facilitar e xeneralizar o acceso das pequenas e medianas empresas á formación dos seus traballadores. Para tal fin, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas, logo de elaboración coordinada dun plan de apoio a esas empresas, deberánlles prestar asesoramento e poñer á súa disposición a información necesaria acerca das distintas iniciativas de formación profesional para o emprego e dos centros e entidades formativas existentes, que incluírán tamén os relativos ao sistema educativo. Deberanlles tamén pres-

tar apoio e asistencia técnica para satisfacer as súas necesidades formativas, posibilitando, cando sexa necesario, a agrupación voluntaria de empresas a que fai referencia o artigo 16, punto 2.

2. Para a articulación destas medidas de asesoramento, apoio e asistencia técnica a PEMES, as administracións competentes contarán coa colaboración das organizacións empresariais e sindicais máis representativas. Así mesmo, poderán contar coa colaboración das entidades locais e doutras entidades que poidan contribuir á consecución deses obxectivos.

SECCIÓN 3.^a FORMACIÓN DE OFERTA

Artigo 20. *Obxecto da oferta de formación profesional para o emprego.*

1. A oferta de formación profesional para o emprego ten por obxecto ofrecer aos traballadores, tanto ocupados como desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego.

As administracións laborais competentes adoptarán as medidas necesarias para que a oferta de formación profesional para o emprego sexa ampla, permanente e accesible.

2. Co fin de incentivar e facilitar a participación e o acceso dos traballadores á oferta formativa dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade, establecerase unha oferta de formación modular que favoreza a acreditación parcial acumulable da formación recibida, reduza os riscos de abandonos e posibilite que o traballador avance no seu itinerario de formación profesional calquera que sexa a situación laboral en que se encontre.

Así mesmo, as administracións competentes desenvolverán unha oferta formativa que cubra os ámbitos ocupacionais que aínda non dispoñan de certificado de profesionalidade, así como as necesidades específicas de formación e cualificación dos traballadores.

3. Para os efectos do establecido no punto anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal, no marco do Sistema Nacional de Emprego, manterá permanentemente actualizado o ficheiro de especialidades formativas e informará das modificacións que se produzan ás comunidades autónomas segundo os criterios que se establezan no marco do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego recollido no artigo 7.2.c) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Artigo 21. *Planificación plurianual da oferta formativa.*

De conformidade cos reais decretos sobre traspaso de funcións e servizos en materia de xestión da formación profesional ocupacional ás comunidades autónomas, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais realizará unha planificación plurianual en que se determinarán as prioridades, obxectivos xerais e recomendacións que hai que ter en conta na oferta formativa do conxunto do subsistema de formación profesional para o emprego.

A citada planificación realizarase considerando as propostas formuladas polas comunidades autónomas e as organizacións empresariais e sindicais a través do órgano de participación previsto no artigo 33.

Artigo 22. *Programación e xestión no ámbito estatal.*

1. A programación e xestión da oferta formativa no ámbito estatal inclúe, dentro do indicado no artigo 6.4 deste real decreto:

a) Os plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados, segundo a regulación contida no artigo 24.

b) Os programas específicos que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional. Na execución destes programas poderán participar institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores a que se dirixen estes programas.

c) A formación profesional para o emprego das persoas en situación de privación de liberdade e dos militares de tropa e mariñeira que manteñen unha relación laboral de carácter temporal coas Forzas Armadas, mediante convenios subscritos polo Servizo Público de Emprego Estatal coas institucións da Administración xeral do Estado competentes nestes ámbitos.

d) A programación de accións formativas que inclúan compromisos de contratación dirixidos prioritariamente a desempregados e a traballadores inmigrantes nos seus países de orixe segundo o marco legal vixente, mediante convenios subscritos polo Servizo Público de Emprego Estatal coas empresas, as súas asociacións ou outras entidades que adquiren o citado compromiso de contratación.

2. Os plans de formación e os programas específicos a que se refiren as letras a) e b) do punto anterior financiaranse mediante subvencións públicas, logo de convocatoria do Servizo Público de Emprego Estatal, conforme as bases reguladoras que se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

A execución das ofertas formativas sinaladas nas letras c) e d) do punto anterior financiaranse mediante subvencións públicas concedidas polo Servizo Público de Emprego Estatal en réxime de concesión directa, de conformidade co establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional. Para a aplicación do réxime de concesión directa a outros supostos diferentes ao sinalado neste parágrafo observarase o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 23. *Programación e xestión no ámbito autonómico.*

1. No ámbito autonómico, a oferta de formación profesional para o emprego comprenderá a formación dirixida a traballadores desempregados e ocupados na proporción que as comunidades autónomas determinen, en función do número de traballadores que estean en cada situación e, de ser o caso, doutras circunstancias obxectivas.

Así mesmo, no marco do establecido neste real decreto correspóndelles ás comunidades autónomas, no exercicio das súas facultades de autoorganización, determinar a proporción dos traballadores a formar a través de cada unha das vías de desenvolvemento da súa oferta formativa sinaladas no punto seguinte.

2. Ademais da oferta formativa levada a cabo pola propia Administración segundo o previsto no artigo 9.1.a), a oferta de formación profesional para o emprego no ámbito autonómico inclúe:

a) Os plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados, segundo a regulación contida no artigo 24.

b) As accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados, reguladas no artigo 25.

c) Os programas específicos que establezan as comunidades autónomas para a formación de persoas

con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional. Na execución destes programas, e nos termos que estableza o órgano ou entidade competente da respectiva comunidade autónoma, impulsárase a participación das administracións locais e doutras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores a que se dirixen estes programas.

d) A programación de accións formativas que inclúan compromisos de contratación dirixidos prioritariamente a desempregados, mediante subvencións concedidas polo órgano ou entidade competente da respectiva comunidade autónoma ás empresas, ás súas asociacións ou a outras entidades que adquiran o citado compromiso de contratación.

3. Os plans de formación e os programas específicos a que se refiren as letras a) e c) do punto anterior financiaranse mediante subvencións públicas, logo de convocatoria do órgano competente da respectiva comunidade autónoma, conforme as bases reguladoras que se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

As accións formativas recollidas na letra b) poderanse financiar mediante subvencións, segundo o establecido no parágrafo anterior, ou mediante outras fórmulas de financiamento que determinen as comunidades autónomas.

A execución das programacións de accións formativas que inclúan compromisos de contratación, sinaladas na letra d) do punto anterior, financiaranse mediante subvencións públicas concedidas polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma en réxime de concesión directa, de conformidade co establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional. Para a aplicación do réxime de concesión directa a outros supostos diferentes ao sinalado neste parágrafo observárase o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do artigo 6.1, relativo ao financiamento das iniciativas de formación con fondos propios das comunidades autónomas.

Artigo 24. *Plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados.*

1. Os plans de formación dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados poderán ser intersectoriais e sectoriais. As administracións competentes poderán decidir a proporción de accións formativas de carácter sectorial e intersectorial que inclúan na súa oferta, considerando as propostas formuladas polo órgano de participación previsto no artigo 33.3.

Os plans de formación intersectoriais estarán compostos por accións formativas dirixidas á aprendizaxe de competencias transversais a varios sectores da actividade económica ou de competencias específicas dun sector para a reciclaxe e recualificación de traballadores doutros sectores, incluída a formación dirixida á capacitación para a realización de funcións propias da representación legal dos traballadores. Nestes plans poderán participar ata un 10 por cento de traballadores das administracións públicas sobre o total de participantes de cada plan.

Os plans de formación sectoriais compóranse de accións formativas dirixidas á formación de traballadores dun sector produtivo concreto, co fin de desenvolver accións formativas de interese xeral para o dito sector e satisfacer as súas necesidades específicas de formación. As administracións competentes deberán garantir que os

plans de formación sectoriais que se leven a cabo tanto no ámbito estatal como autonómico respecten os criterios e prioridades xerais establecidos no marco da negociación colectiva sectorial estatal, segundo o previsto no artigo 35.1.c).

As accións específicas programadas nun plan de formación sectorial poderanse dirixir tamén á reciclaxe e recualificación de traballadores procedentes de sectores en situación de crise.

2. No ámbito estatal, a execución dos plans de formación levarase a cabo mediante convenios subscritos no marco do Sistema Nacional de Emprego entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as seguintes organizacións e entidades:

a) As organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito estatal, cando se trate de plans de formación intersectoriais.

Estes plans tamén se executarán a través de convenios subscritos coas organizacións representativas da economía social con notable implantación no ámbito estatal e as organizacións representativas de autónomos de ámbito estatal e suficiente implantación; neste caso a formación dirixirase especificamente aos colectivos de traballadores da economía social e de autónomos, respectivamente.

b) As organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito estatal e as representativas en tal ámbito, cando se trate de plans de formación sectoriais, así como os entes paritarios creados ou amparados no marco da negociación colectiva sectorial estatal. Naqueles sectores en que non exista negociación colectiva sectorial estatal, ou esta non estea suficientemente estruturada, articularanse as medidas necesarias para garantir a formación de oferta nos ditos sectores.

3. No ámbito autonómico, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, a execución dos plans de formación levarase a cabo no marco dos convenios subscritos entre o órgano ou entidade competente da respectiva comunidade autónoma e as seguintes organizacións:

a) As organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito estatal e as máis representativas no ámbito autonómico, cando se trate de plans de formación intersectoriais.

Estes plans tamén se executarán a través de convenios subscritos coas organizacións representativas da economía social e das representativas de autónomos, en ambos os casos con suficiente implantación no ámbito autonómico e para a formación dirixida especificamente aos colectivos de traballadores da economía social e de autónomos, respectivamente.

b) As organizacións empresariais e sindicais máis representativas e as representativas no correspondente sector, cando se trate de plans de formación sectoriais, así como os entes paritarios creados ou amparados no marco da negociación colectiva sectorial estatal.

4. A duración dos plans de formación poderá ser plurianual, sen prexuízo da súa concreción anual para atender as necesidades de formación requiridas en cada momento polo mercado de traballo.

Artigo 25. *Accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados.*

1. O obxectivo prioritario destas accións formativas é a inserción ou reinserción laboral dos traballadores desempregados naqueles empregos que require o sistema produtivo. Os órganos ou entidades competentes das comunidades autónomas programarán estas accións formativas de acordo coas necesidades de cualificación e coas ofertas de emprego detectadas.

2. A oferta formativa regulada neste artigo tenderá a incluír accións dirixidas á obtención dos certificados de

profesionalidade referidos ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3. Así mesmo, potenciaranse acordos coas empresas, públicas ou privadas, co obxecto de favorecer a realización de prácticas profesionais (incluídas as de carácter internacional), o intercambio de tecnoloxías e de persoal experto e a utilización de infraestruturas e medios técnicos e materiais. As prácticas profesionais nas empresas non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre os alumnos e as empresas.

No acordo deberase describir o contido das prácticas, así como a súa duración, lugar de realización e horario, e o sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación. Antes do comezo das prácticas, porase en coñecemento dos representantes legais dos traballadores na empresa o citado acordo, así como unha relación dos alumnos que participan nestas.

As empresas poderán recibir unha compensación económica por alumno/hora de práctica, en que se incluíra o custo da subscripción dunha póliza colectiva de accidentes de traballo.

4. Os traballadores desempregados que participen nas accións formativas reguladas neste real decreto poderán percibir axudas en concepto de transporte, manutención e aloxamento, na contía e condicións que se determinen mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais. Así mesmo, poderanse establecer axudas que permitan conciliar a súa asistencia á formación co coidado de fillos menores de 6 anos ou de familiares dependentes.

Ademais das axudas anteriores, a citada orde ministerial preverá a concesión de bolsas ás persoas discapacitadas e aos alumnos dos programas públicos de emprego-formación regulados no artigo 28. Así mesmo, no marco dos programas específicos regulados nos artigos 22.1.b) e 23.2.c), as administracións competentes para establecelos poderán prever a concesión das ditas bolsas a determinados colectivos de desempregados que participen en itinerarios de formación profesional personalizados.

5. As compensacións, axudas e bolsas a que fan referencia os puntos 3 e 4 anteriores financiaranse en réxime de concesión directa, de conformidade co establecido no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

6. As programacións que se aproben aos centros para a impartición das accións formativas reguladas neste artigo poderán ter unha duración plurianual, sen prexuízo da súa concreción anual para atender as necesidades de formación requiridas en cada momento polo mercado de traballo.

SECCIÓN 4.^a FORMACIÓN EN ALTERNANCIA CO EMPREGO

Artigo 26. *Obxecto da formación en alternancia.*

1. A formación en alternancia é aquela que ten por obxecto contribuir á adquisición das competencias profesionais da ocupación mediante un proceso mixto, de emprego e formación, que permite ao traballador compatibilizar a aprendizaxe formal coa práctica profesional no posto de traballo.

2. Esta formación inclúe as accións formativas dos contratos para a formación, en desenvolvemento do previsto no artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e os programas públicos de emprego-formación realizados polas administracións públicas.

Artigo 27. *Formación teórica dos contratos para a formación.*

1. Os contidos da formación teórica dos contratos para a formación deberán estar vinculados á oferta formativa das unidades de competencia dos certificados de profesionalidade da ocupación relacionada co oficio ou posto de traballo previsto no contrato laboral. De non existir certificado de profesionalidade, a formación teórica estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas para as ocupacións ou especialidades relativas ao oficio ou ao posto de traballo recollidos no contrato e, no seu defecto, polos contidos formativos determinados polas empresas e comunicados ao Servizo Público de Emprego Estatal para os efectos da súa validación no marco do Sistema Nacional de Emprego.

Cando o traballador contratado para a formación non alcanzase os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, a formación teórica terá por obxecto inmediato completar a dita educación, de conformidade co establecido no artigo 11.2 do Estatuto dos traballadores. Para tales efectos, as administracións educativas deberán garantir unha oferta adaptada a este obxectivo.

2. O tempo dedicado á formación teórica, que se impartirá sempre fóra do posto de traballo, fixarase no contrato, en atención ás características do oficio ou do posto de traballo que se vaia desempeñar, do número de horas establecido, de ser o caso, para o módulo formativo adecuado ao dito posto ou oficio e da duración do contrato.

En ningún caso, este tempo de formación será inferior ao 15 por cento da xornada máxima prevista en convenio colectivo ou, no seu defecto, da xornada máxima legal.

Respectando o límite anterior, os convenios colectivos poderán determinar o tempo dedicado á formación teórica e á súa distribución, establecendo, de ser o caso, o seu réxime de alternancia ou concentración respecto do tempo de traballo efectivo. A formación teórica só se poderá concentrar no período final de duración do contrato cando así se acordase no convenio colectivo aplicable.

3. A formación práctica dos contratos para a formación deberase completar con asistencia tutorial que se prestará con ocasión da realización do traballo efectivo adecuado ao obxecto do contrato laboral.

4. A cualificación ou competencia profesional adquirida a través do contrato para a formación será obxecto de acreditación nos termos establecidos no artigo 11 deste real decreto.

5. As empresas poderán financiar o custo da formación teórica mediante bonificacións nas cotizacións empresariais á Seguridade Social, con cargo á partida prevista no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento de emprego por contratación laboral.

Mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais estableceranse os trámites e requisitos que deberán cumprir os centros impartidores da formación e as empresas que apliquen as citadas bonificacións.

6. As actividades de avaliación, seguimento e control da formación teórica dos contratos para a formación realizaraas o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas, segundo a distribución competencial establecida na disposición adicional primeira.

Artigo 28. *Programas públicos de emprego-formación.*

1. Os programas públicos de emprego-formación teñen como finalidade mellorar a cualificación e as posibilidades de emprego de determinados colectivos de desempregados. Durante o desenvolvemento destes pro-

gramas, os traballadores participantes recibirán formación profesional adecuada á ocupación que vaian desempeñar en alternancia co traballo e a práctica profesional.

Estes programas públicos de emprego-formación rexeranse polo establecido na súa normativa específica no non previsto neste capítulo.

2. Os contidos da formación dos programas públicos mencionados no punto anterior estarán vinculados á oferta formativa das unidades de competencia dos certificados de profesionalidade da ocupación relacionada co oficio ou posto de traballo previsto no contrato laboral. De non existir certificado de profesionalidade, a formación teórica estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas para as ocupacións ou especialidades relativas ao oficio ou ao posto de traballo previstos no contrato laboral, e, no seu defecto, polos contidos formativos que aprobe o Servizo Público de Emprego competente para o respectivo proxecto de emprego-formación.

Cando os traballadores participantes nos citados programas non alcanzasen os obxectivos da educación secundaria obrigatoria organizaranse programas específicos de formación de acordo co que estableza a lexislación reguladora do sistema educativo.

3. Os programas públicos de emprego-formación financiaranse mediante subvencións outorgadas ás entidades promotoras destes, con cargo á partida prevista para os programas de fomento do emprego no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal. Os fondos destinados ao financiamento das subvencións xestionadas polas comunidades autónomas que teñan asumidas as competencias de execución, distribuiranse de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 4/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. A cualificación ou competencia profesional adquirida a través dos programas públicos de emprego-formación será obxecto de acreditación nos termos establecidos no artigo 11 deste real decreto.

5. A xestión destes programas correspóndelles ás comunidades autónomas que teñan asumidas as competencias de execución, salvo nos supostos sinalados no artigo 6.4 en que a súa xestión está reservada ao Servizo Público de Emprego Estatal.

CAPÍTULO III

Apoio, acompañamento e accións complementarias á formación

Artigo 29. Estudos de carácter xeral e sectorial.

1. As administracións públicas competentes, cos seus propios medios, a través dos centros de referencia nacional ou mediante contratación externa, realizarán os estudos de carácter xeral e sectorial, de maneira integral e coordinada para o conxunto do Sistema Nacional de Cualificacións e de Formación Profesional.

2. No marco do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego, e co fin de asegurar a complementariedade dos estudos previstos no punto anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas elaborarán conxuntamente a planificación dos estudos que se deberán realizar en materia de formación profesional para o emprego, na cal se detallarán o financiamento e os órganos responsables da súa execución.

Artigo 30. Accións de investigación e innovación.

1. No marco dos criterios e prioridades xerais que propoñan as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e representativas en cada sector ao abeiro da negociación colectiva sectorial estatal, o Ministerio de

Traballo e Asuntos Sociais realizará unha planificación plurianual das accións de investigación e innovación que sexan de interese para a mellora da formación profesional para o emprego, a nivel sectorial ou intersectorial, ou para a difusión do conxunto do subsistema de formación profesional para o emprego.

Esta planificación realizarase tendo en conta as propostas formuladas polas comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e nas comisións de coordinación e seguimento a que fai referencia o artigo 32.3.

A citada planificación someterase a informe do órgano de participación previsto no artigo 33.

2. Mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais estableceranse as bases reguladoras para a concesión das subvencións que se outorguen para o financiamento deste tipo de accións.

A competencia de xestión destas subvencións no ámbito estatal correspóndelle ao Servizo Público de Emprego Estatal. No caso de que as accións afecten o ámbito territorial exclusivo dunha comunidade autónoma, será o correspondente órgano ou entidade da comunidade autónoma o competente para xestionalas.

3. No marco do Sistema Nacional de Emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal establecerá, logo de informe do órgano de participación previsto no artigo 33.3, os instrumentos necesarios para garantir a coordinación entre as accións que se realicen nos ámbitos estatal e autonómico, co fin de asegurar a complementariedade das accións executadas neles.

Artigo 31. Información e orientación profesional.

1. No marco do previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional e neste real decreto, o Goberno desenvolverá un sistema integrado de información e orientación profesional que asegure o asesoramento aos traballadores desempregados e ocupados, en relación coas oportunidades de formación e emprego e coas posibilidades de recoñecemento e acreditación da súa cualificación.

2. O sistema integrado de información e orientación profesional estará ao servizo da definición e execución de itinerarios profesionais individuais para a mellora da empregabilidade dos traballadores, así como do desenvolvemento do espírito emprendedor e do apoio a iniciativas empresariais e de autoemprego.

3. Para favorecer o desenvolvemento dun sistema integrado de orientación e formación profesional reforzaranse as actuacións dos servizos públicos de emprego, que fixarán as accións que haberá que realizar coa poboación activa, o seu financiamento e a participación dos interlocutores sociais, así como o papel dos centros integrados de formación profesional e dos centros de referencia nacional neste ámbito.

CAPÍTULO IV

Estrutura organizativa e de participación

Artigo 32. Órganos competentes para a programación, xestión e control.

1. O Servizo Público de Emprego Estatal, coa colaboración e o apoio técnico da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, levará a cabo as funcións de programación, xestión e control da formación profesional para o emprego de competencia estatal.

2. No ámbito autonómico, os órganos ou entidades competentes para a programación, xestión e control da formación profesional para o emprego serán os que determinen as comunidades autónomas.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas levarán a cabo a súa colaboración, coordinación e cooperación en materia de formación profesional para o emprego a través da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, de conformidade co establecido no artigo 7.1.a) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e a través das comisións de coordinación e seguimento reguladas nos respectivos reais decretos de traspaso de funcións e servizos en materia de xestión da formación.

4. As administracións públicas competentes garantirán a participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas na forma que prevexan as ditas administracións nos seus respectivos ámbitos competenciais, prevendo a composición tripartita e paritaria dos órganos que se constitúan.

Artigo 33. Órgano de participación das administracións públicas e os interlocutores sociais.

1. O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, en canto órgano consultivo e de participación institucional en materia de política de emprego, é o principal órgano de consulta e de participación das administracións públicas e os interlocutores sociais no subsistema de formación profesional para o emprego.

2. O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, en desenvolvemento do disposto no artigo 7.1.b) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, terá as seguintes funcións en materia de formación profesional para o emprego:

a) Velar polo cumprimento do disposto neste real decreto e na restante normativa reguladora da formación profesional para o emprego, así como pola eficacia dos obxectivos xerais do sistema.

b) Emitir informe preceptivo sobre os proxectos de normas do subsistema de formación profesional para o emprego.

c) Emitir informe e realizar propostas sobre a asignación dos recursos orzamentarios entre os diferentes ámbitos e iniciativas formativas previstas neste real decreto.

d) Emitir informe, con carácter preceptivo, e realizar propostas sobre a planificación plurianual da oferta de formación profesional para o emprego e das accións de investigación e innovación, prevista nos artigos 21 e 30.1, respectivamente, así como sobre os plans anuais que en materia de calidade, avaliación e control están previstos nos artigos 36.3, 37.2 e 38.1 deste real decreto.

e) Recomendar medidas para asegurar a debida coordinación entre as actuacións que no marco deste real decreto se realicen no ámbito do Estado e no das comunidades autónomas.

f) Actuar en coordinación co Consello Xeral de Formación Profesional para o desenvolvemento das accións e instrumentos esenciais que compoñen o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

g) Aprobar o mapa sectorial para mellorar a racionalidade e eficacia das comisións paritarias previstas no artigo 35.

h) Determinar os criterios e condicións que deben cumprir as comisións paritarias sectoriais estatais para efectos do seu financiamento.

i) Coñecer os informes anuais sobre programación, xestión, control e avaliación da formación profesional para o emprego elaborados tanto no ámbito estatal como no autonómico, así como extraer conclusións e propoñer recomendacións sobre o funcionamento do subsistema.

j) Calquera outra función relacionada co cumprimento dos principios e fins do subsistema, co fin de manter a súa coherencia e a vinculación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

3. Para o desenvolvemento destas funcións constituirase no seo do Consello Xeral a Comisión Estatal de Formación para o Emprego, mantendo o carácter paritario e tripartito do Consello na súa composición e réxime de adopción de acordos.

Artigo 34. A Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

1. A Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, pertencente ao Sector Público Estatal, ten carácter tripartito e o seu padroado está constituído pola Administración pública (con representación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas) e polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

O réxime de adopción de acordos será o previsto nos seus estatutos, e o seu presidente ten voto dirimente en caso de empate.

2. A presidencia corresponderalle ao director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal. Existirán dúas vicepresidencias, das cales unha corresponderá a representantes das organizacións empresariais e a outra aos das sindicais.

O presidente coordinará á Xerencia da Fundación Tripartita coa Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal competente en materia de formación profesional para o emprego.

A Xerencia da Fundación será nomeada polo Padroado, por proposta da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, entre persoal funcionario da Administración xeral do Estado. Deste nomeamento informárase a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

3. No marco do establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e sen prexuízo das competencias de execución correspondentes ás comunidades autónomas en materia de formación profesional para o emprego, a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego desenvolverá, entre outras, as seguintes actividades:

a) Asistir tecnicamente e colaborar co Servizo Público de Emprego Estatal nas súas actividades de planificación, programación, xestión, avaliación, seguimento e control das iniciativas de formación previstas neste real decreto, así como na confección do informe anual sobre estas actividades.

En particular, actuar como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego Estatal na xestión das convocatorias de subvencións públicas que realice o dito organismo no marco do previsto neste real decreto. A Fundación Tripartita colaborará na instrución dos procedementos e na elaboración das propostas relativas á resolución e xustificación das subvencións, correspondendo ao Servizo Público de Emprego Estatal a concesión e o pagamento das subvencións. Para estes efectos, ambas as entidades subscribirán o correspondente convenio de colaboración de acordo co establecido nos artigos 12 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Apoiar tecnicamente o Servizo Público de Emprego Estatal no deseño e instrumentación dos medios telemáticos necesarios para que as empresas e as entidades organizadoras realicen as comunicacións de inicio e finalización da formación acollida ao sistema de bonificacións, garantindo en todo caso a seguridade e confidencialidade das comunicacións.

c) Elevar ao Servizo Público de Emprego Estatal propostas de resolucións normativas e instrucións relativas ao subsistema de formación profesional para o emprego, así como elaborar os informes que lle sexan requiridos.

d) Contribuír ao impulso e difusión do subsistema de formación profesional para o emprego entre as empresas e os traballadores.

e) Prestar apoio técnico, na medida que lle sexa requirido, ás administracións públicas e ás organizacións empresariais e sindicais presentes no órgano de participación a que se refire o artigo 33.3, así como ás representadas no Padroado da Fundación Tripartita e ás comisións paritarias estatais.

f) Dar asistencia e asesoramento ás PEMES posibilitando o seu acceso á formación profesional para o emprego, así como apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación aos traballadores.

g) Colaborar co Servizo Público de Emprego Estatal en promover a mellora da calidade da formación profesional para o emprego, na elaboración das estatísticas para fins estatais, e na creación e mantemento do Rexistro estatal de centros de formación regulado no artigo 9.2 deste real decreto.

h) Participar nos foros nacionais e internacionais relacionados coa formación profesional para o emprego.

Artigo 35. *Comisións paritarias.*

1. No marco da negociación colectiva sectorial de ámbito estatal, a través de convenios colectivos ou de acordos concretos en materia de formación de igual ámbito que puidesen subscribir as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e polas representativas no sector correspondente, poderanse constituír comisións paritarias sectoriais estatais ou doutro ámbito.

Estas comisións paritarias terán, no ámbito do subsistema de formación profesional para o emprego, as seguintes funcións:

a) Intervir na mediación dos supostos de discrepancias a que se refire o artigo 15.5.

b) Coñecer a formación profesional para o emprego que se realice nos seus respectivos ámbitos.

c) Fixar os criterios orientativos e as prioridades xerais da oferta formativa sectorial dirixida aos traballadores.

d) Participar e colaborar en actividades, estudos ou investigacións de carácter sectorial e realizar propostas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e os centros de referencia nacional correspondentes aos seus respectivos ámbitos.

e) Elaborar unha memoria anual sobre a formación correspondente aos seus ámbitos.

f) Coñecer da agrupación de empresas no seu sector prevista no artigo 16.2.

g) Calquera outra que lle sexan atribuídas pola normativa de desenvolvemento deste real decreto.

2. No marco da xestión da formación profesional para o emprego desenvolvida no ámbito estatal, a Comisión Mixta Estatal, prevista no IV Acordo Nacional de Formación, poderá actuar naqueles ámbitos ou sectores onde non se encontre articulada a negociación colectiva sectorial estatal.

CAPÍTULO V

Calidade, avaliación, seguimento e control da formación

Artigo 36. *Calidade da formación.*

1. As accións, tanto formativas como de apoio e acompañamento, que se impartan e leven a cabo de acordo co establecido neste real decreto deberán ter a calidade requirida para que a formación profesional para o emprego responda ás necesidades dos traballadores ocupados e desempregados e das empresas.

A formación e as accións de apoio e acompañamento deberán desenvolverse aplicando os procedementos e metodoloxías apropiados, co persoal e os medios didácticos, técnicos e materiais máis adecuados ás súas características.

2. As administracións públicas competentes promoverán, nos seus respectivos ámbitos, a mellora da calidade da formación profesional para o emprego, en canto a contidos, duración, profesorado e instalacións, así como medición dos seus resultados.

3. Para favorecer a calidade da formación profesional para o emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal, tendo en conta as propostas das comunidades autónomas no marco do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego, elaborará un plan para o perfeccionamento do profesorado que imparta accións formativas e para o desenvolvemento dunha metodoloxía técnico-didáctica orientada a este. Cando as accións do citado plan vaian dirixidas a formadores de dúas ou máis comunidades autónomas executaranse a través dos centros de referencia nacional, que recibirán do Servizo Público de Emprego Estatal o financiamento acordado no seo das respectivas comisións de coordinación e seguimento, e cando vaian dirixidas especificamente a formadores dunha comunidade autónoma serán xestionadas no ámbito autonómico.

Con esa mesma finalidade, as administracións competentes establecerán, no marco do citado programa anual de traballo, un plan para a dotación e equipamento de centros de formación en función das necesidades de adaptación aos cambios tecnolóxicos e de organización do traballo. No suposto de que a dita dotación e equipamento se financie mediante subvencións concedidas aos centros impartidores de formación profesional para o emprego, a súa regulación levarase a cabo mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, sen prexuízo das competencias de execución das comunidades autónomas.

Estes plans anuais someteranse a informe do órgano de participación previsto no artigo 33.

Artigo 37. *Avaliación do subsistema de formación profesional para o emprego.*

1. No marco do Sistema Nacional de Emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas avaliarán o impacto da formación realizada no acceso e mantemento do emprego, e na mellora da competitividade das empresas, a eficacia do sistema en canto ao alcance da formación e a adecuación das accións ás necesidades do mercado laboral e das empresas, así como a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal, cos órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas, elaborará anualmente un plan de avaliación da calidade, impacto, eficacia e eficiencia do conxunto do subsistema de formación profesional para o emprego, que poida servir para introducir melloras no seu funcionamento.

Este plan anual someterase a informe do órgano de participación previsto no artigo 33.

3. Na avaliación da calidade das accións formativas participarán os propios alumnos en función dos estándares establecidos polas administracións públicas competentes, do que quedará constancia na documentación correspondente a cada grupo impartido.

4. Sen prexuízo das avaliacións externas que realicen entidades independentes con posterioridade á realización da formación, as entidades responsables de executar os plans de formación profesional para o emprego deberán realizar, durante a súa execución, unha avaliación e control da calidade da formación que leven a cabo,

e na convocatoria determinarase a parte do importe da subvención que se destinará á dita finalidade.

Artigo 38. *Seguimento e control da formación.*

1. As administracións competentes en materia laboral levarán a cabo as actuacións de control e seguimento das accións de formación, e de apoio e acompañamento reguladas neste real decreto. Respecto da formación cofinanciada polo Fondo Social Europeo, organizarán os sistemas de xestión, verificación e control de conformidade co previsto na normativa da Unión Europea.

Para os efectos do previsto neste punto, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas elaborarán, no marco do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego, un plan de seguimento e control da formación profesional para o emprego.

2. O previsto no punto anterior establécese sen prexuízo das actuacións que respecto á formación profesional para o emprego poidan realizar os diferentes órganos de fiscalización e control que teñan atribuídas tales competencias no ámbito estatal e autonómico, así como os órganos e institucións da Unión Europea respecto da formación cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

3. O seguimento e control da formación profesional para o emprego a que se refire este artigo deberase realizar de maneira integral e coordinada polas administracións e entidades competentes, procurando racionalizar esforzos e unificar criterios nas actuacións que se leven a cabo.

Artigo 39. *Información e estatística.*

1. As comunidades autónomas deberanlle proporcionar ao Servizo Público de Emprego Estatal, na súa condición de promotor dos programas operativos do Fondo Social Europeo, toda a información, documentación e certificacións necesarias para a xustificación das accións cofinanciadas polo citado fondo.

2. As comunidades autónomas deberanlle proporcionar ao Servizo Público de Emprego Estatal información sobre a formación desenvolvida nos seus respectivos ámbitos, de forma que quede garantida a súa coordinación e integración coa información estatística do conxunto do Estado.

Pola súa parte, o Servizo Público de Emprego Estatal facilitaralles ás comunidades autónomas información sobre a formación executada no conxunto do Estado, incluída a que se execute a través do Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito territorial de cada comunidade autónoma.

Disposición adicional primeira. *Distribución competencial nas iniciativas de formación financiadas mediante bonificacións nas cotas da Seguridade Social.*

Dentro do Sistema Nacional de Emprego, correspóndelle á Administración xeral do Estado, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, a realización das actividades de avaliación, seguimento e control das iniciativas de formación financiadas mediante bonificacións nas cotas da Seguridade Social que se aplican ás empresas que teñan os seus centros de traballo en máis dunha comunidade autónoma.

As comunidades autónomas realizarán as ditas actividades de avaliación, seguimento e control cando as empresas teñan todos os seus centros de traballo no ámbito da mesma comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias exclusivas do Estado en canto ao réxime económico da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Rexistro estatal de centros e entidades de formación.*

No Rexistro estatal de centros e entidades de formación, previsto no artigo 9.2 deste real decreto, integrarase o censo de centros colaboradores da formación profesional ocupacional do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional terceira. *Entidades organizadoras na formación de demanda.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 16.2, terán tamén a condición de entidade organizadora as entidades ou empresas que, tendo a formación dentro do seu obxecto social con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, se constituísen como tales ao abeiro do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua e da súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional cuarta. *Constitución do órgano de participación das administracións públicas e os interlocutores sociais.*

O órgano de participación das administracións públicas e os interlocutores sociais previsto no artigo 33 constituirase no prazo dun ano contado desde a publicación deste real decreto. Mentres non se constitúa, as funcións que lle encomenda este real decreto serán desenvolvidas pola Comisión Tripartita de Formación Continua; neste caso as comunidades autónomas se incorporarán á dita comisión.

Disposición adicional quinta. *Comisións de coordinación e seguimento.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto e para os efectos do previsto nel, as actuais comisións de coordinación e seguimento da formación ocupacional e de centros nacionais transformaranse en comisións de coordinación e seguimento da formación profesional para o emprego.

Disposición adicional sexta. *Elaboración de estatísticas.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, no marco do Sistema Nacional de Emprego, adoptará as medidas necesarias para que as estatísticas que se elaboren no ámbito de todo o territorio do Estado inclúan non só a formación realizada no marco deste real decreto, senón tamén aquela que realicen as empresas con financiamento propio e as administracións públicas para os seus empregados.

Disposición adicional sétima. *Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.*

Autorízase a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego para que, a partir da data de entrada en vigor desta norma e con cargo ao seu orzamento, adopte as medidas técnicas e económicas que resulten necesarias co fin de adecuar os seus estatutos, funcionamento, estrutura orgánica e relación de postos de traballo ao establecido neste real decreto.

Disposición adicional oitava. *Adopción de medidas para a aplicación total dos fondos provenientes da cota de formación profesional.*

O Goberno articulará as fórmulas e as medidas que sexan necesarias para que os fondos con destino á formación para o emprego provenientes da cota de formación profesional sexan aplicados na súa totalidade ao financia-

mento das iniciativas de formación recollidas neste real decreto.

Disposición adicional novena. *Persoas con discapacidade.*

No desenvolvemento deste real decreto as administracións competentes adoptarán aquelas medidas de adaptación que sexan necesarias para facilitar e incentivar a participación das persoas con discapacidade nas accións de formación profesional para o emprego.

Disposición adicional décima. *Concesión directa.*

As referencias relativas ao Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, contidas no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, entenderanse realizadas a este real decreto nos artigos que regulan as mesmas materias.

Así mesmo, as referencias relativas á formación profesional ocupacional entenderanse realizadas á formación profesional para o emprego.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos.*

1. Os procedementos de concesión de subvencións en materia de formación ocupacional e continua iniciados con anterioridade á entrada en vigor da normativa de desenvolvemento deste real decreto rexeranse pola normativa anterior que lles sexa de aplicación. Os procedementos entenderanse iniciados coa publicación das correspondentes convocatorias.

2. A formación de demanda que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2007 rexerase polo disposto neste real decreto e na normativa que o desenvolva.

Disposición transitoria segunda. *Mapa sectorial.*

Mentres non sexa aprobado o mapa sectorial a que se refire o artigo 33.2.g) deste real decreto as convocatorias para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de formación de carácter sectorial facilitarán a presentación neste ámbito de propostas conxuntas que agrupen varios sectores afíns, tomando como punto de referencia, de ser o caso, as familias profesionais establecidas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Disposición transitoria terceira. *Centros nacionais de formación profesional.*

Os centros nacionais de formación profesional ocupacional regulados no artigo 17 do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, continuarán co seu estatus xurídico e coa súa afectación a funcións de carácter nacional mentres non adquiran a condición de centros de referencia nacional de acordo co que establece a normativa de desenvolvemento do artigo 11.7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Disposición transitoria cuarta. *Avaliación, seguimento e control das iniciativas de formación financiadas mediante bonificacións nas cotas da Seguridade Social.*

A realización polas comunidades autónomas das actividades de avaliación, seguimento e control derivadas da distribución competencial establecida na disposición adi-

cional primeira poderase diferir ata que non se produza o traspaso a elas dos medios e recursos necesarios para a realización das ditas actividades.

Disposición transitoria quinta. *Determinación do crédito de bonificacións para o exercicio orzamentario 2007.*

Para o exercicio orzamentario 2007 o crédito de que disporán as empresas para levar a cabo a formación de demanda prevista na sección 2.^a do capítulo II deste real decreto resultará de lle aplicar á contía ingresada pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano 2006, a porcentaxe de bonificación que, en función do tamaño das empresas, se establece a continuación:

- a) Empresas de 250 ou máis traballadores: 50 por cento.
- b) De 50 a 249 traballadores: 60 por cento.
- c) De 10 a 49 traballadores: 75 por cento.
- d) De 6 a 9 traballadores: 100 por cento.

As empresas de 1 a 5 traballadores disporán dun crédito de bonificación por empresa de 420 euros, co seguinte alcance temporal: Para as empresas de 1 e 2 traballadores, o citado crédito asignase para un período de 3 e 2 anos, respectivamente, contados desde o 1 de xaneiro de 2007. Para as empresas de 3 a 5 traballadores, o citado crédito asignase con carácter anual.

Para a determinación do crédito nos supostos de empresas que abran novos centros de traballo e de empresas de nova creación, previstos no artigo 13.2 deste real decreto, tomarase como referencia para o ano 2007 unha contía de 65 euros por cada traballador de nova incorporación.

As empresas que durante o ano 2007 concedan permisos individuais de formación para os seus traballadores disporán dun crédito adicional nos termos que establece o artigo 13.3 deste real decreto. O citado crédito iráselles asignando ás empresas que comuniquen permisos individuais de formación ata que non se supere, no seu conxunto, o 5 por cento do crédito establecido no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social por formación continua.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións, e as normas que as desenvolvan:

a) O Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua.

b) O Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional.

c) Os artigos 10 e 12 do Real decreto 488/1998, do 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos formativos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral. Os artigos 12.1, 13, 15.4 e 5, 16, 17 e 27.5 dítanse ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilitase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2007

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

XEFATURA DO ESTADO

7786 *LEI ORGÁNICA 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. («BOE» 89, do 13-4-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

Desde a promulgación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pasaron cinco anos. Neste período detectáronse algunhas deficiencias no seu funcionamento que aconsellan a súa revisión. Ademais, outros elementos do contorno cambiaron e inducen tamén a realizar modificacións. Entre estes feitos atópanse os acordos en política de educación superior en Europa e o impulso que a Unión Europea pretende dar á investigación en todos os seus países membros. Estas circunstancias aconsellan a corrección das deficiencias detectadas e a incorporación dalgúns elementos que melloren a calidade das universidades españolas.

A lei aposta decididamente pola harmonización dos sistemas educativos superiores no marco do Espazo Europeo de Educación Superior e asume a necesidade dunha profunda reforma na estrutura e organización das ensinanzas, baseada en tres ciclos: grao, máster e doutoramento. Dáse así resposta ao desexo da comunidade universitaria de asentar os principios dun espazo común, baseado na mobilidade, o recoñecemento de titulacións e a formación ao longo da vida. O novo modelo de ensinanzas achega unha maneira diferente de entender a universidade e as súas relacións coa sociedade. Trátase de ofrecer unha formación de calidade que atenda os retos e desafíos do coñecemento e dea resposta ás necesidades da sociedade.

Así, as reformas están guiadas pola vontade de potenciar a autonomía das universidades, á vez que se aumenta a exigencia de render contas sobre o cumprimento das súas funcións. Este principio é impulsado pola Unión Europea apoiando a modernización das universidades europeas co fin de convertelas en axentes activos para a transformación de Europa nunha economía plenamente

integrada na sociedade do coñecemento. A autonomía é a principal característica que as universidades teñen para responder con flexibilidade e rapidez ás cambiantes necesidades.

Entre as medidas que potencian a autonomía das nosas universidades, principio recoñecido no artigo 27 da Constitución española, esta lei flexibiliza o sistema de elección do reitor ou da reitora e permite que as propias universidades elixan a opción que consideren máis adecuada. Así mesmo, asegúrase que as decisións de natureza académica das universidades públicas e privadas sexan adoptadas por órganos en que o persoal docente e investigador teña unha representación maioritaria. Por outra parte, a lei adopta medidas tendentes a asegurar o equilibrio institucional no seo das universidades e a profesionalizar a súa xestión.

Outro dos eixes da reforma é potenciar o papel e a responsabilidade de todos os axentes do sistema universitario, articulando mellor a relación entre eles. As comunidades autónomas son responsables da política universitaria de acordo co previsto na Constitución e nos estatutos de autonomía, mentres que ao Estado, conforme o artigo 149.1.30.^a, lle corresponde establecer as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27.10 que recoñece a autonomía das universidades. A articulación deste complexo organizativo de Estado-comunidades autónomas e universidades require alcanzar unha harmonía de todos os axentes implicados e unha relación clara e fluída entre todos eles. É especialmente importante articular as relacións intergubernamentais, dun lado, e doutro, a coordinación e cooperación no ámbito académico. Por iso, créase a Conferencia Xeral de Política Universitaria e constitúese o Consello de Universidades con funcións de asesoramento, cooperación e coordinación no ámbito académico. Ademais, configúrase unha regulación máis adecuada do proceso de verificación de plans de estudos e máis respectuosa co sistema complexo que en materia universitaria conforman a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as universidades.

A selección do profesorado funcionario modifícase incorporando un modelo de acreditación que permita que as universidades seleccionen o seu profesorado entre os previamente acreditados. Este sistema incorpora para o conxunto da comunidade académica un maior rigor na acreditación e unha maior flexibilidade para as universidades na selección do seu persoal.

En relación coa contratación do profesorado, esta lei establece, seguindo as pautas da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, unha serie de modalidades contractuais específicas do ámbito universitario que, polas características propias do traballo e polas condicións da relación laboral, non se poden subsumir nas figuras previstas na lexislación laboral xeral. Esta lei define con maior precisión a especificidade destas modalidades contractuais, ben pola necesidade de completar a formación no caso dos axudantes e dos profesores axudantes doutores, ben pola oportunidade de achegar á universidade o coñecemento e a experiencia de profesionais do sector produtivo –profesores asociados– ou de docentes e investigadores de prestixio doutras universidades –profesores visitantes–. Debido ás especiais características do labor docente e investigador que realiza a universidade, cómpre establecer para estas modalidades mecanismos de temporalidade que favorezan o desenvolvemento do proceso académico e que, por outra banda, partan da lóxica conservación da fonte de coñecemento e experiencia que achegan estes profesionais á universidade e que é a característica principal que dota de sentido figuras como a do profesor asociado ou a de profesor visitante.

A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) ten un papel moi importante no binomio autonomía-rendición de contas. Para reforzar o seu